

► 1 Enero, 2018

PÁGINA5 CIFRAS

22

contratos de buque de nova construción tiña o Clúster do Naval Galego cando estaba a piques de pechar o exercicio 2017, o que supón dous barcos máis que os 27 de 2016. Coa evolución das contratacións tanto nos estaleiros como na industria complementaria, Aclunaga estimaba rematar o pasado ano cun volume de facturación de preto de 2.000 millóns de euros e con máis de 14.200 empregados, o que implica unha mellora de ambos indicadores do 24 %. Este balance contempla a actividade das 118 empresas asociadas a esta organización, que cubre toda a cadea de valor da construción naval galega e representan á práctica totalidade do sector.

11

taxis accesibles cada unha teñen as cidades da Coruña e Vigo, unha cifra que representa un claro incumprimento do Real Decreto 1544/2007 no que se fixa un mínimo dun 5 % de vehículos adaptados para o transporte de persoas con discapacidade sobre o total da flota que tiña que cumprirse o pasado ano. Así o reflicte o estudo "Estado da flota de taxis accesibles en municipios de máis de 50.000 habitantes" realizado pola Fundación ONCE e Cermi en 135 municipios españois, no que se lembra que estas dúas cidades, xunto á de Ferrol –que só conta con dous–, non chegan a ter un 3 % destas unidades. Dos concellos analizados, onde viven 1.294.400 persoas con problemas de mobilidade, só 50 están por riba do 5 % e 42 non chegan sequer ao 2 %.

783,72

euros ao mes de media cobraba un pensionista en Galicia o pasado mes de decembro, o que a pesar de representar unha suba do 1,9 % en comparación co mesmo mes do ano anterior, sitúa a esta comunidade autónoma como a segunda coas pensións máis baixas, só por riba de Extremadura, onde os pensionistas recibían 770,05 euros mensuais.

157,88

hectáreas de superficie forestal certificada hai en Galicia, unha cantidade que supón menos do 20 % sobre o total. Así se deu a coñecer o pasado 15 de decembro en Santiago durante a 24ª Asemblea Xeral da Asociación Española para a Sostibilidade Forestal (PEFC España), un encontro no que se presentaron os avances e logros acadados por esta organización o pasado ano. Segundo se explicou, en 2017 se acadou en España unha superficie forestal certificada de 2.139.710 hectáreas.

158

euros ao ano gástase de media un fogar español na cesta da compra online, segundo o revela a cuarta edición do informe "O futuro do e-commerce" publicado recentemente pola consultora Kantar Worldpanel. Neste estudo destácase que, a pesar de que o comercio electrónico medra máis rápido en España que a nivel mundial, aínda non chega a representar o 1,8 % do mercado en gran consumo, cando a media mundial está no 4,6 %, e só o 26 % dos fogares españois fixo algunha compra de alimentación, drogaría ou perfumaría a través de Internet entre abril de 2016 e marzo de 2017, unha porcentaxe que supuxo catro puntos porcentuais máis que o ano anterior.

Maruxa Pérez

A Asociación Profesional de Empresas Medioambientais de Galicia (Aproema), que ela preside, vén de lanzar *Galiambiental*, a primeira revista profesional de medio ambiente a nivel autonómico, que pretende converterse nun referente informativo para o sector neste territorio. Cunha periodicidade cuatrimestral, a publicación inclúe artigos e entrevistas sobre diferentes temáticas, como a xestión ambiental nunha grande empresa, a xestión municipal de residuos, a responsabilidade social corporativa, a biotecnoloxía aplicada ao tratamento de augas residuais ou a preservación de contornas ambientais únicas, como o Parque das Illas Atlánticas. ▲

A. Rodríguez del Corral

O presidente do Clúster TIC Galicia asinou co seu homólogo da Asociación de Empresas Galegas de Software Libre (Agasol), Carlos Rodríguez, un convenio de colaboración, mediante o que suman forzas para realizar conxuntamente actividades, explorar sinerxías e defender os intereses do hipersector das tecnoloxías da información a nivel institucional. Ao mesmo tempo, o clúster creará na súa organización interna un grupo de interese en *software* libre e nomeará un portavoz neste eido, que participará nas reunións do seu comité de dirección. Agasol, pola súa banda, manterá a súa xeración de proxectos e actividades, que se fará no seo da estrutura do clúster e de forma aberta a todos os asociados. ▲

Amando López

Co obxectivo de promocionar o peixe de proximidade, o presidente da Asociación de Minoristas do Porto da Coruña asinou coa directora adxunta da Federación Nacional de Asociaciones Provinciais de Empresarios Detallistas de Peixes e Produtos Conxelados (Fedepesca), María Luisa Álvarez, e co secretario xeral da Unión de Consumidores de Galicia (Ucgal), Miguel López Crespo, un acordo de colaboración mediante o que ao longo de 2018 se levarán a cabo diferentes accións cara ao consumidor co fin de concienciar sobre a importancia de consumir estes produtos, máis económicos e sans polas súas características. ▲

Federico Pichel

"Tiriñas máxicas para feridas reais" é o nome da campaña co que a ONG Aire, que el preside, quere sensibilizar sobre a situación de emerxencia humanitaria que padecen no mundo millóns de persoas e para a que se produciron 50.000 apósitos, que se poden adquirir en preto de 20 farmacias galegas. A campaña conta coa colaboración da empresa Reizentolo, en cuxas tendas se poderán adquirir as tiriñas ao prezo dun euro por cada estoxo de cinco, que será destinado integramente aos proxectos de cooperación ao desenvolvemento e atención a persoas refuxiadas que a organización non gubernamental está desenvolvendo na actualidade. ▲